



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Inserción e orientación laboral		Código	652606612
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	4
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Arza Arza, Neves	Correo electrónico	neves.arza@udc.es	
Profesorado	Arza Arza, Neves	Correo electrónico	neves.arza@udc.es	
Web				
Descripción xeral	A orientación profesional forma parte das funcións do profesorado da especialidade de FOL. A ausencia de formación neste campo na case totalidade das titulacións que dan acceso ao itinerario de FOL xustifica a necesidade desta materia. A súa finalidade é proporcionar as competencias necesarias que permitan comprender o alcance e importancia da orientación profesional, así como planificar, desenvolver e avaliar accións de orientación profesional no Ensino Secundario e na Formación Profesional.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se modifican</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Todas *Metodoloxías docentes que se modifican: Virtualízanse a través de Teams (vídeo-gravacións das sesións maxistrais e/o sesións síncronas, presentacións orais do traballo tutelado e aprendizaxe colaborativa).</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado. Correo electrónico: para solicitar titorías en Teams (diariamente). Teams, para as titorías grupais obligatorias e para as individuais a demanda (nos horario de titorías e no da materia). A finalidade das titorías obligatorias é a supervisión e seguimento do traballo tutelado grupal.</p> <p>- En Moodle van dispor der dous foros. Un foro temático, asociado aos contidos da materia para resolver dúbihadas e para desenvolver discusións dirixidas. O segundo foro céntrase nas dificultades e pautas para resolver os sub-retos do traballo tutelado. Diariamente.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Sen cambios *Observacións de avaliación: A presentación oral sería en Teams.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se modifica a bibliografía básica está dixitalizada en moodle ou é accesible na rede e na biblioteca.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título
Identificar as atribucións docentes e as funcións do profesorado da especialidade de FOL no campo da orientación profesional e compreender a importancia e necesidade de formación neste ámbito		AP15 CM7



Analizar o desenvolvemento teórico da orientación profesional, describir e comprender os seus trazos conceptuais, as áreas, os principios e os modelos de intervención, e reflexionar sobre as súas implicacións para a práctica.	AP15 AP17 AP19		
Analizar as funcións sociopolíticas da orientación profesional e reflexionar sobre as posibilidades e características dunha orientación profesional para a xustiza social.	AP15 AP19		CM4
Caracterizar a evolución e situación actual da orientación profesional no sistema educativo e no ámbito laboral, principalmente, no que fai ós aspectos organizativos, funcionais e profesionais.	AP17		CM7
Identifica-los factores que interveñen na inserción laboral e analiza-la súa relación coas áreas de intervención.	AP19		
Comprender e utilizar axeitadamente a terminoloxía do campo da orientación e inserción profesional.			CM1
Analizar a influenza do xénero na toma de decisións académicas e profesionais e na inserción laboral e identificar os indicadores da desigualdade de xénero no sistema educativo e no mercado laboral.	AP19		CM4
Comprender a necesidade de incorporar o enfoque de xénero na orientación profesional e deseñar propostas didácticas nas que se integre.	AP18 AP20		
Identificar as posibilidades de utilización das ferramentas da web 2.0 na OP, incorporalas na programación das materias da especialidade e valorar a súa contribución a alfabetización dixital do alumnado	AP16 AP19 AP20		CM3
Analizar o currículo das materias e módulos da especialidade de FOL tendo como criterios as características conceptuais da orientación profesional, as áreas e modelos de intervención.	AP15 AP16		
Deseñar, seleccionar e valorar programas e materiais de orientación profesional	AP20 AP21 AP25		

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. A orientación profesional:campo de intervención do profesorado de FOL	1.1. A orientación profesional/laboral no currículo dos módulos e áreas que imparte o profesorado de FOL 1.2. A orientación profesional/laboral como función: as atribucións do profesorado de FOL nos departamentos de orientación e nos departamentos de información e orientación profesional. 1.3. A orientación profesional no temario de acceso á especialidade 1.4. Perfil profesional do/a orientador/a laboral
Tema 2. Orientación profesional e orientación laboral	2.1 Delimitación, caracterización conceptual da orientación profesional e da orientación laboral e relacións entre ambas. 2.2.Ideas forza e claves da orientación profesional para a xustiza social. OP, obxectivos para o desenvolvemento sostible e educación para a cidadanía global. 2.3.Orientación profesional e empregabilidade. Relevancia das competencias blandas. 2.4. Áreas de intervención 2.5. Modelos de intervención 2.6. A orientación na avaliación, recoñecemento e acreditación de competencias



Tema 3. Xénero e orientación profesional	3.1. Conceptos para comprender e explicar as desigualdades de xénero. 3.2. Xénero, proxecto profesional e inserción laboral. As barreiras de xénero 3.2. Radiografía das desigualdades de xénero no sistema educativo e no mercado laboral 3.3. A OP non discriminatoria na normativa e nos plans e estratexias para a igualdade entre homes e mulleres. 3.4. Orientación profesional con enfoque de xénero: conceptualización e pautas para a súa integración. 3.5. Programas e recursos para unha praxe orientadora con visión de xénero.
Tema 4. Utilización das tecnoloxías dixitais en orientación profesional	4.1. Conceptos de partida 4.2. Ámbitos de utilización das TIC,TAC e TAP en OP 4.3. Competencia dixital e orientacion Profesional. 4.4. Boas prácticas na utilización das tecnoloxías dixitais en OP.
Tema 5. Desenvolvemento e situación actual da orientación profesional e laboral no sistema educativo e no ámbito laboral	2.1. Principais fitos e tendencias no desenvolvemento da OP. 2.2. Organización e funcións da OP no sistema educativo. 2.3. Organización e funcións da OP no ámbito laboral 2.4. A orientación profesional nas políticas educativas e de emprego.

## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A15 C4	2	0	2
Análise de fontes documentais	A17 A19 A25 C1 C4	5	15	20
Sesión maxistral	A15 A17 A19	6	0	6
Aprendizaxe colaborativa	A16 A18 A20 A21 C3	4	8	12
Presentación oral	C1 C3	4	2	6
Portafolios do alumno	A15 A16 A17 A18 A19 C1 C4 C7	0	13	13
Prácticas a través de TIC	C3	1	2	3
Traballos tutelados	A18 A20 A21 A25 C1 C3 C7	6	28	34
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Actividades iniciais	As actividades iniciais teñen unha dupla finalidade: a) que o alumnado tome conciencia dos seus coñecementos previos, de xeito que se convertan nun referente para a análise e reflexión do que precisan aprender e para fazer balance das aprendizaxes construídas na materia. b) A posta en común e resolución de dúbidas das cuestiós formuladas sobre as temáticas previamente traballadas fora da aula e que forman parte da clase invertida.
Análise de fontes documentais	As actividades de análise documental abordan distintas temáticas da materia: a) Análise do currículo das materias da especialidade e de dous libros de texto b) Análise de programas e actividades de orientación non sexista c) Análise de documentos para afondar nas temáticas da fundamentación teórica do traballo tutelado. d) Busca e análise de experiencias de utilización das TIC en orientación profesional



Sesión maxistral	O método expositivo utilízase para presentar, aclarar e sintetizar algunas das temáticas que integran o programa da materia. Esta metodoloxía complementase coa análise documental destinado o afondamento dos temáticos. A sesión maxistral combínase coa clase invertida, neste xeito promovese o estudo autónomo do alumnado fóra da aula e a aprendizaxe colaborativa na aula.
Aprendizaxe colaborativa	A aprendizaxe colaborativa é o principio que ha de rexir nas actividades grupais de análise de fontes documentais e nos traballos tutelados. É obxecto de auto-avaliación e co-avaliación e vai repercutir na cualificación de cada unha das persoas do grupo de traballo.
Presentación oral	Presentación grupal do traballo tutelado. A presentación vai ser avaliada polo resto do alumnado a partir dunha rúbrica, elaborada e consensuada co alumnado a partir de varias propostas proporcionadas pola profesora.
Portafolios do alumno	Consiste nun informe no que o alumnado da conta das aprendizaxes adquiridas, da súa aplicación no TFM e no período de prácticas e da relación existente co resto das materias do mestrado. O portafolio inclúe un mapa conceptual dixital dos contidos da materia e un glosario de termos. Tanto o portafolio como o mapa conceptual serán elaborados en formato dixital.
Prácticas a través de TIC	<p>As prácticas a través de TIC céntanse na busca e selección de información, na creación dun marcador social, na delimitación da súa contorna persoal de aprendizaxe e na construcción de diferentes artefactos dixitais en distintos formatos que van ser incluidas no traballo tutelado ou/e no portafolio individual.</p> <p>O marcador social e contorna persoal de aprendizaxe son compartidas co resto das materias do itinerario. Coas Prácticas a través das TIC preténdese que o alumnado adquira competencias dixitais docentes de diferentes áreas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Información e alfabetización dixital (navegación, busca e filtraxe; avaliación da información, e almacenaxe e recuperación de información e contidos dixitais).</li> <li>b) Comunicación e colaboración (compartir información e contidos, colaboración mediante vías dixitais, netiqueta e identidade dixital)</li> <li>c) Creación de contidos dixitais (desenvolvemento de contidos dixitais (desenvolvemento e integración e reelaboración de contidos dixitais)</li> <li>d) Resolución de problemas (identificación de necesidades e respostas, innovación e uso da tecnoloxía dixital de xeito creativo e identificación de lagoas na competencia dixital).</li> </ul>
Traballos tutelados	Consiste no deseño dunha unidade didáctica de orientación profesional para os módulos da especialidade ou para a titoría da formación profesional básica. O deseño desta proposta didáctica ten que valerse da aprendizaxe basada en proxectos e da utilización doutras metodoloxías activas (gamificación, clase invertida, aprendizaxe colaborativa etc.).

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Presentación oral Traballos tutelados	<p>A atención personalizada adopta distintas modalidades: grupal, individual, obligatoria e a demanda. A súa finalidade é apoiar e supervisar o proceso de aprendizaxe individual e grupal.</p> <p>O traballo tutelado (TT), como se indica na planificación, esixe de apoio personalizado, sendo obligatoria a asistencia a tres titorías grupais. Na primeira, teñen que dar conta da planificación do traballo e da organización e funcionamiento do grupo. Na segunda supervísanse as tarefas realizadas. As aulas interactivas tamén son un espazo para a supervisión e para orientación do TT e da presentación oral.</p> <p>A última titoría realiza despois da entrega do TT o seu obxectivo e proporcionar retroalimentación a partir dos criterios especificados na matriz de valoración.</p> <p>As titorías grupais poderán realizarase en Teams.</p>

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación



Portafolios do alumno	A15 A16 A17 A18 A19 C1 C4 C7	Consiste nun informe no que o alumnado reflexiona sobre o proceso de aprendizaxe, dá conta das aprendizaxes construídas e indica a súa aplicación para a análise da situación da OP no centro de prácticas. Os criterios de avaliación e cualificación concrétanse nunha rúbrica que se presenta o primeiro día de clase.	35
Presentación oral	C1 C3	Presentación grupal do traballo tutelado. A cualificación desta tarefa é o resultado da co-avaliación realizada a través dunha rúbrica, elaborada e consensuada polo alumnado.	10
Prácticas a través de TIC	C3	Consiste na creación dun marcador social e na representación da propia contorna de aprendizaxe. Os criterios de avaliación para o marcador son o número de recursos almacenados, o seu nivel de descripción e valoración e, se é o caso, o sistema de categorías e subcategorías utilizadas para a súa almacenaxe. Para a contorna persoal de aprendizaxe terase en conta o número de ámbitos, recursos e ferramentas incorporados, así como a análise e valoración da propia contorna persoal de aprendizaxe.	5
Traballos tutelados	A18 A20 A21 A25 C1 C3 C7	O resultado do traballo tutelado é o deseño dunha unidade didáctica de orientación profesional utilizando a aprendizaxe basada en proxectos. Os criterios de avaliación e cualificación recóllese nunha rúbrica de entrada única que se presenta o primeiro día de clase.  A auto e a coavalíação utilizanse para valorar o funcionamento do grupo e as achegas ao traballo grupal de cada un das persoas do grupo de traballo.  Unha vez cualificada a unidade didáctica, nunha sesión de tutoría grupal obligatoria, facilitáse retroalimentación atendendo aos criterios de avaliación.	50

#### Observacións avaliación

**ASISTENCIA E SISTEMA DE AVALIACIÓN** A asistencia ás aulas presenciais e, se é o caso, virtuais é obligatoria. O alumnado con asistencia regular e que ocasionalmente non acuda a unha sesión deberá de realizar e entregar as actividades realizadas na aula. A cualificación final será o resultado das puntuación obtidas nas catro actividades de avaliação descritas. Para superar a materia é indispensábel obter a metade da cualificación no portafolio e no traballo tutelado e ter realizadas as dúas tarefas restantes. Na avaliação da segunda oportunidade deberán de recuperarse as actividades non superadas (traballo tutelado e portafolios do alumnado). Ó rematar as aulas e na data acordada, cada grupo presentará un dossier grupal que ha de incluír as actividades realizadas en grupo (a presentación oral e a unidade didáctica de orientación), a planificación do traballo grupal e as fichas de auto e coavalíação do funcionamento do equipo de traballo. Os resultados da co-avalíação teñen efectos na cualificación individual de cada alumna e alumno. As persoas que non manteñan unha asistencia regular, realizarán unha proba mixta (de ensaio sobre os contidos da materia e de aplicación práctica) e realizarán individualmente as tarefas grupais. Neste caso, a distribución das cualificaciones é a seguinte: proba mixta (4 puntos), traballo tutelado (5 puntos), presentación oral (1 punto) e as prácticas a través das TIC (0,5). Para superar a materia teñen que obter a metade da cualificación no exame e no traballo tutelado. Na segunda oportunidade recuperarán as partes non superadas.

**FALTA DE INTEGRIDADE ACADÉMICA**a) Ausencia de citación de fontes As citas e referencias a calquier tipo de texto deben declararse ao longo do texto e no apartado de referencias bibliográficas, utilizando as normas APA 7 edición. Co obxectivo de visibilizar as autores, a inicial do nome substituirase polo nome completo, tanto no caso de autores como de autoras.b) PlaxioO plaxio en calquera das tarefas será motivo de suspenso, en aplicación do artigo 14.4 da normativa académica de avaliação da UDC, que establece: " na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, inclido aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade" Normativa académica de avaliação, revisión e reclamación da UDC:

[https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/\\_galeria\\_down/academica/Normas\\_avaliacion\\_revision\\_reclamacion\\_consolidado\\_I.pdfhttp://www.educacion.udc.es/?pagina=propiedad-intelectual](https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Normas_avaliacion_revision_reclamacion_consolidado_I.pdfhttp://www.educacion.udc.es/?pagina=propiedad-intelectual)

**COMPETENCIA LINGÜÍSTICA EN GALEGO** A utilización do galego e a súa calidade lingüística tamén vai ser obxecto de avaliação na presentación oral e nas actividades grupais e individuais. O seu peso na cualificación final pode acadar até 0,5 puntos.



## Fontes de información

Bibliografía básica	<p>- Arraiz, Begoñ ;Careaga, Haizea.;Carramiñana, Susana; Oskoz, José Miguel (2015). Guía para la incorporación de la perspectiva de género en el currículum y en la actividad docente de las enseñanzas de régimen especial y de Formación Profesional. Victoria: Emakunde</p> <p>- Echeverría, Benito (coord) (2008). Orientación profesional. Barcelona: Editorial UOC</p> <p>- Cobo, Ana; Gutiérrez, Ernesto e Planas, José Antonio (2012). La orientación profesional y la búsqueda de empleo. Experiencias innovadoras y técnicas de intervención que facilitan la inserción laboral.. Barcelona: Editorial Grao</p> <p>- Conzittu, Damien (coord) (2019). Penser et agir l'orientation au 21e siècle : De l'élève au citoyen engagé. Editions Qui plus est</p> <p>- Fundación Bertelsmann (). Orientación Profesional Coordinada. Fundación Bertelsmann, 2º edición revisada e ampliada</p> <p>- Hooley, Tristam. e Sultana, Robert. (2016). Career guidance for social justice.. Journal National Institute for Career Education and Counselling, nº 36, 2-11</p> <p>- Macarthy, Jhon. (2016). La orientación profesional y las habilidades para la gestión de la carrera. Una perspectiva internacional. España: Universidad Castilla La Mancha/ Wolters Kluwer</p> <p>- Macarthy, Jhon (2016). La dimensión de servicio público de la orientación . España: Universidad Castilla La Mancha/ Wolters Kluwer</p> <p>- Sánchez García, María Fe (2014). Orientación profesional y personal. Madrid: UNED</p> <p>- Sanz, Clara e Manzanares, Asunción (2016). El modelo de orientación profesional en cuestión. Revisión de sus referentes teórico-prácticos. . España: Universidad Castilla La Mancha/ Wolters Kluwer</p> <p>- Sanz, Clara e Manzanares, Asunción (2016). Claves sobre la intervención de la orientación profesional en los sistemas de formación profesional. España: Universidad Castilla La Mancha/ Wolters Kluwer</p> <p>- Sultana, Robert (2016). La movilización de los servicios de orientación profesional en torno a una agenda de justicia social: una prioridad para todos. España: Universidad Castilla La Mancha/ Wolters Kluwer</p> <p>Para cada tema e para a realización do traballo tutelado facilítase bibliografía básica e complementaria comentada. En moodle tamén se recompilan fontes electrónicas de interese para cada un dos temas.</p>
Bibliografía complementaria	

## Recomendacións

## Materias que se recomienda ter cursado previamente

Función titorial e orientación académica/652606002

## Materias que se recomienda cursar simultaneamente

## Materias que continúan o temario

Formación profesional e mercado laboral/652606611

Aprendizaxe e ensino dos módulos da especialidade de formación e orientación laboral/652606621

Proxectos de innovación e investigación educativa en formación profesional e orientación laboral/652606E31

## Observacións

COMPROMISO COA SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL&nbsp; E CO DEBATE DEMOCRÁTICOCo obxectivo de&nbsp; facer un uso sustentábel &nbsp;dos recursos e&nbsp; de evitar &nbsp;impactos negativos sobre o medio natural as tarefas entregaranse en formato dixital.&nbsp;Nas clases sosterase o principio de debate democrático, escoitando e respectando todas as opinións diversas en torno aos temas tratados, tanto de parte do profesorado como do alumnadoACTUALIZACIÓN DO PERFIL EN MOODLENa segunda sesión de clase todo o alumnado ha de ter pendurada unha foto actual no seu perfil de moodle&nbsp;CARGA DE TRABALLO&nbsp;A realización das tarefas indicadas na guía docente supoñen unha dedicación &nbsp;de &nbsp; 72 horas de traballo fora da aula.&nbsp;

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías